

EXP. 321/2025

SILVIA ALONSO FERNÁNDEZ, SECRETARIA DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE

CERTIFICO

Que o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense na sesión ordinaria que tivo lugar o 12.06.2025 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

3.- Aprobación, se procede, das bases reguladoras e da convocatoria de subvencións en materia deportiva do Consello Municipal de Deportes para o 2025. (Exp. 321/2025)

O Consello Reitor, de conformidade coa proposta que forma parte do expediente, por OITO (8) votos a favor –4 DO; 2 PP e 2 PSdG-PSOE- e UN (1) voto en contra - 1 BNG-, acorda:

1ª.- Aprobación das bases reguladoras da convocatoria pública para a concesión de subvencións en materia deportiva do Consello Municipal de Deportes que se recollen nos documentos electrónicos que forman parte do expediente 321/2025 cos CSV núm. 6WK377SAFG7TY39RY5G3WL6DD (proposta de bases) e 35CQKRWZA34QDL6HY7GYCNYTP (anexos).

2ª.- Aprobación da convocatoria pública das subvencións en materia deportiva do Consello Municipal de Deportes para o ano 2025.

3ª.- Autorizar o gasto por importe de SEISCENTOS MIL EUROS (600.000,00 €) con cargo á aplicación 3410-48010 do orzamento prorrogado do Consello Municipal de Deportes vixente para 2025 (Rcs. Núms. 202500002915, 202500002916 e 202500002917).

4ª.- Remitirlle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) un extracto da convocatoria para a súa publicación no BOP de Ourense, co seguinte contido:

Extracto do acordo da convocatoria pública de subvencións en materia deportiva do ano 2025 do Consello Municipal de Deportes de Ourense (Exp. 321/2025)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>)

Primeiro. Beneficiarios

Poderán ter a condición de entidades beneficiarias as entidades que se sinalan e que cumpran os requisitos que se indican para cada unha das liñas:

Liña 1.

1.- As federacións deportivas.

2.- Clubs ou entidades deportivas do municipio de Ourense inscritos/as no Rexistro de Asociacións Deportivas Municipais antes da data de publicación do extracto da convocatoria anual de subvencións no BOP.

Liña 2.

1.- Clubs ou entidades deportivas do municipio de Ourense inscritos/as no Rexistro de Asociacións Deportivas Municipais antes da data de publicación do extracto da convocatoria



anual de subvencións no BOP.

Liña 3.

1.- Clubs ou entidades deportivas do municipio de Ourense inscritos/as no Rexistro de Asociacións Deportivas Municipais antes da data de publicación do extracto da convocatoria anual de subvencións no BOP.

2.- Participar con equipos de categoría absoluta ou sénior durante a tempada deportiva que corresponda ao ano da convocatoria, en competicións de máxima división, organizadas ou recoñecidas pola federación española ou internacional correspondente. Exclúense máximas divisións estatais de tipo profesionais. A tipoloxía de competicións concrétese na base cuarta das bases reguladoras.

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto desta convocatoria a concesión de subvencións en materia deportiva para o exercicio 2025 con cargo ao orzamento do Consello Municipal de Deportes de Ourense, nas seguintes liñas:

- Liña 1.- Organización de actividades deportivas federadas e outras actividades de especial transcendencia social que contribúan á promoción deportiva no período comprendido entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025.
- Liña 2.- Gastos de funcionamento das entidades deportivas por participación ou organización de competicións e actividades federadas de carácter oficial, para a tempada 2024-2025.
- Liña 3.- Apoio aos clubs deportivos de elite que participen en competicións oficiais de máxima categoría nacional de deporte non profesional para a tempada 2024-2025.

Terceiro. Bases reguladoras

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e estarán á disposición dos interesados na sede electrónica do Consello Municipal de Deportes e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Cuarto. Contía

A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48010 do orzamento prorrogado do CMD para o exercicio económico 2025, nos seguintes importes:

7. Liña 1: cen mil euros (100.000,00 €)
8. Liña 2: trescentos corenta mil euros (340.000,00 €)
9. Liña 3: cento sesenta mil euros (160.000,00 €)

Estes importes poderán ser ampliados no caso de existencia de crédito na aplicación orzamentaria no momento da resolución, sen que esta circunstancia dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes, xunto coa documentación adxunta, dirixiranse á Presidencia do Consello Municipal de Deportes, presentándoas obrigatoriamente de forma telemática conforme aos modelos ou anexos recollidos nas bases reguladoras a través da sede electrónica do Consello Municipal de Deportes no enderezo <https://deportesourense.sedelectronica.gal>, de acordo co previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Conforme ao devandito artigo, todos os trámites relativos a este procedemento realizaranse por medios electrónicos a través da Sede electrónica.



Os prazos de presentación das solicitudes son os seguintes:

- Liña 1: dende o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense ata o 31 de outubro de 2025.
- Liñas 2 e 3: 30 días naturais a contar desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

5º.- *Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se estime procedente."*

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do Sr. Presidente do Consello Municipal de Deportes en Ourense na data de sinatura electrónica.

A secretaria

Visto e praxe
O presidente

Aníbal Pereira Novoa

Documento asinado electronicamente

